

**Domingo despois de Pentecoste CICLO A**  
**SOLEMNIDADE DA SANTÍSIMA TRINDADE**

PRIMEIRA Ex 34, 4b-6. 8-9:

**Señor, Señor Deus, misericordioso e clemente**

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ÉXODO**

Daquela Moisés ergueuse cedo e subiu ao monte Sinaí, conforme lle mandara o Señor, levando consigo as dúas táboas de pedra. O Señor baixou na nube e parou alí con el. Moisés pronunciou o nome do Señor.

O Señor pasou diante del proclamando:

- "O Señor, o Señor, Deus compasivo e benfeitor, tardo á ira, rico en amor e lealdade".

Moisés, ao tempo que se prostraba polo chan e adoraba, dixo:

- "Se merezo, Señor, o teu favor, pídoche que veñas ti connosco. Este pobo ten cerviz dura, pero ti perdoarás as nosas culpas e pecados e farás de nós a túa herdade".

SALMO RESPONSORIAL Dan 3, 52. 53. 54. 55. 56

**R/ (52b): Moi digno de gloria e moi enxalzado polos séculos.**

"Bendito es Ti, Señor, Deus de nosos pais,  
digno de gloria e da meirande louvanza polos séculos.  
Bendito o teu nome, santo e glorioso,  
moi digno de gloria e moi enxalzado polos séculos.

Bendito es Ti no templo da túa santa gloria,  
moi digno de gloria e moi enxalzado polos séculos.

Bendito es Ti sobre o trono do teu reino,  
moi digno de gloria e moi enxalzado polos séculos.

Bendito es Ti que sondeas os abismos sentado sobre querubíns,  
moi digno de gloria e moi enxalzado polos séculos.

Bendito es Ti no firmamento do ceo,  
louvado e cheo de gloria para sempre.

SEGUNDA 2 Cor 13, 11-13:

**A graza de Xesús Cristo e o amor de Deus e a comunicación do Espírito Santo**

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA SEGUNDA CARTA  
DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

Estate alegres, procurade a perfección, dádevos azos, andade de acordo, vivide en paz e o Deus do amor e da paz estará convosco. Saudádevos uns aos outros co ósculo santo. Mándanvos saúdos todos os cristiáns.

Que a graza do Señor Xesús Cristo, o amor de Deus e a comunión do Espírito Santo vos acompañen a todos.

ALELUIA Cf. Ap 1, 8:

Gloria ao Pai e ó Fillo e ao Espírito Santo, ao Deus que é, e que era, e que virá

**Domingo despois de Pentecoste CICLO A  
SOLEMNIDADE DA SANTÍSIMA TRINDADE**

EVANXEO Xn 3, 16-18:

**Mandou Deus ao seu Fillo para que, por El, se salve o mundo**

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN**

Daquela díxolle Xesús aos seus discípulos:

- De tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo Unixénito, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña vida eterna.

Non mandou Deus o Fillo ao mundo para que xulgue o mundo, senón para que por el se salve o mundo. O que cre nel, non é xulgado; mais o que non cre, xa está xulgado, porque non creu no Fillo Unixénito de Deus.